

*ORIENTACIONES PARA A  
ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE  
EN EDUCACIÓN INFANTIL.  
(DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN)*

*E.E.I. SAN ROQUE (VIVEIRO)*

*A linguaxe oral é unha función e unha destreza que se aprende de forma natural, por unha serie de intercambios có entorno social.*

*A adquisición da linguaxe é un proceso evolutivo que segue o seu propio ritmo. Non é igual en tódolos nenos.*

*Que pronuncien e articulen ben os sons depende, en gran medida, de que os pais ofrezan uns modelos correctos de pronunciación.*

*Cando os nenos e nenas entran na escola ós 3 anos, os procesos de simplificación da fala son normais. Emprega unha linguaxe infantil porque se atopa no estadio de adquisición da linguaxe. Ós 4 anos xa falan correctamente, aínda que lles resultan difíciles as palabras que conteñen os sons "r" e "rr" e os grupos consonánticos "br, pr., bl., pl., ..."*

*Hai que ten presente, que cada neno/a ten un ritmo individual de desenvolvemento e debemos darlles tempo para que vaian madurando.*

*Si as dificultades persisten máis alán dos 6 anos, debemos consultar a un especialista.*

### **CONSELLLOS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL.**

*- A partires dos 18 meses de idade debe evitar o biberón e o chupete, xa que deforman o padal e os dentes.*

*- A partires dos 18 meses, debe tomar a alimentación como o resto da familia, xa que mastigando desenrola a musculatura da boca e mellora a súa linguaxe.*

*- Falarlle lentamente, con claridade e articulando ben.*

*- Non imitar a súa forma de falar nin usar unha linguaxe simple e infantil.*

*- Non rirnos cando comete erros fonolóxicos, senón darlle un modelo correcto de pronunciación.*

*- Darlle tempo para que responda ás preguntas.*

*- Sinalar ou marcar quendas de intervención do neno. Intentar que respecte as quendas de comunicación.*

*- Si pide as cousas con xestos ou monosílabos, non contestarlle senón ensinarlle a pedilas correctamente.*

*- Realizar actividades có neno, sobre todo as que estimulen a linguaxe espontánea.*

*- Evitar a sobreprotección e darlle responsabilidades que lle fagan sentir mellor.*

*- Utilizar preguntas abertas. Que conteste con algo máis que un "si" ou un "non".*

*- Falarlle de persoas, feitos e lugares que están presentes no contexto no que se desenvolve o neno.*

*- Xogar e inventar historias.*

*- Contar cousas de forma ordenada; que fixo antes, despois, ...*

*- Explicar onde se deixan as cousas, traballando hábitos de orden.*

*- Preguntarlle polos seus xogos e escoitar as súas explicacións.*

*- Xogar a adiviñar obxectos, nomeando só algunhas características.*

*- Mirar con el contos e revistas, e que diga os nomes dos obxectos que aparecen nas imaxes.*

*- Facerlle preguntas sobre cousas que ocorren na súa vida cotiá, para desenrolar a capacidade de atención.*

*- Ensinarlle cancións, adiviñas, refráns, ...*

*- Buscar diferencias entre dos debuxos case iguais.*

*- Xogar ó "vexo - vexo".*

*- Imitar sons do entorno, de animais ou persoas.*

- Fomentar o xogo imaxinativo.
- Xogar ás onomatopeas:
  - \* O zoar dunha mosca: "zzzzzzzzzzzz".
  - \* A chuva: "clíc, clíc, clíc, ..."
  - \* O vento: "ssssssss..."
  - \* Moto: "rum, rum, ..."
  - \* Can: "guau, guau, ..."
  - \* Gato: "miau, miau, ..."
  - \* Toro: "muuu, muuuu, ..."
  - \* Galo: "kíkírikí, kíkírikí, ..."
  - \* Pato: "cúa, cúa, ..."

- Diante do espello, facer xestos coa boca, sorrir de forma esaxerada, abrir moito a boca, poñer cara de susto, ...

- Xogar a soprar muños de vento, asubíos, inflar globos, ...

- Evitar os comentarios non apropiados ou castigos relacionados coa linguaxe.

- Eliminar as correccións do tipo "eso non se di así", senón repetirlle a frase ou a palabra correcta.

- As mostras de cariño e afecto axudan a un mellor desenrolo da linguaxe.

- Premialo cando fale ben, corrixiño cando cometa erros, pero non criticalo, ridiculizalo nin comparalo cós demais.